

## ADMISIÓN DE ALUMNADO

Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

### **PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA O ALUMNADO DE NOVA INCORPORACIÓN AO CENTRO do 1 ao 20 de marzo, ambos os dous inclusive**

- O alumnado que queira incorporarse ao centro deberá cumprimentar a solicitude (Anexo II) de xeito manual ou a través da aplicación "admisionalumnado" (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) e presentala no CEIP Plurilingüe Bragade ou a través da SEDE ELECTRÓNICA.**
- O DOCUMENTO PARA A SOLICITUDE DE ADMISIÓN (Anexo II) será facilitado polo CEIP Plurilingüe Bragade, e estará dispoñible, tamén, na sede electrónica da Xunta de Galicia, na aplicación "admisionalumnado" (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>) e na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/26923>).**
- Na propia solicitude, poderase autorizar a consulta dos seguintes documentos:**
  - DNI ou NIE da persoa solicitante ou representante.
  - Domicilio fiscal e declaración do imposto sobre a renda.
  - Título de familia numerosa.
  - Certificado de discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia.
- Xunto coa solicitude de admisión deberán entregar a seguinte documentación:**
  - Documento de autorización de matrícula asinado polo pai e nai ou titores legais.
  - Certificado de padrón, onde figuren todos os membros da unidade familiar cunha antigüidade mínima dun ano.
  - Orixinal e fotocopia, do DNI do alumno/a ou do libro de familia.
  - Se é o caso, solicitude de transporte escolar.
  - Se é o caso, certificación laboral da empresa do pai e da nai ou titores legais.
  - Se é o caso, orixinal e copia, da certificación de custodia, da sentenza ou do convenio regulador.
  - Se é o caso, credencial de situación de violencia de xénero.
  - Se é o caso, credencial da condición de familia monoparental.
  - Se non se autorizou a consulta na solicitude, DNI ou NIE da persoa solicitante ou representante.
  - Se non se autorizou a consulta na solicitude, acreditación de domicilio fiscal e declaración do imposto sobre a renda.
  - Se non se autorizou a consulta na solicitude, credencial da condición de familia numerosa.
  - Se non se autorizou a consulta na solicitude, certificación de discapacidade no/a alumno/a, ou no seu pai, nai ou titor/a legal ou nalgún irmán.
- Cada solicitante só poderá entregar unha única solicitude, no centro que se solicita en primeiro lugar.
- O alumnado con necesidades educativas específicas achegará a documentación que acredite esta petición, derivada de discapacidade física, psíquica ou sensorial, de sobredotación ou de trastornos graves de conduta.
- O solicitante poderá demandar que se teña en conta o domicilio familiar ou o lugar de traballo, neste caso, xunto coa solicitude de admisión, deberá achegar unha certificación da empresa.
- A cantidade da Renda anual per cápita da unidade familiar (no Anexo II) será a suma das que figuran nas casiñas de base impoñible xeral e de base impoñible do aforro da declaración do IRPF do exercicio 2021, dividida entre o número de membros actuais da familia.**
- O alumnado procedente doutro centro deberá achegar o correspondente certificado de matrícula e remitirá copia da súa solicitude ao centro de orixe.**
- O servizo de comedor depende directamente do propio centro.**

Cesuras, 28 de febreiro de 2023.

**O alumnado admitido deberá formalizar a matrícula do 20 ao 30 de xuño de 2023.**